



## **A VOLTAS CO TRASLADO DE ENCE: RESPUESTA Á DEPUTADA CARMEN GALLEGO.**

Hai uns días que a deputada socialista Carmen Gallego, ex conselleira de pesca co goberno bipartito da Xunta de Galicia, revelaba a existencia de negociacións entre aquel goberno e a empresa ENCE para tratar do traslado da fábrica de pasta de papel instalada na Ría de Pontevedra. Asegura a ex conselleira nas súas declaracións que aquela negociación viuse frustrada ao esixir ENCE unha compensación económica de arredor dos 500 millóns de euros, unha esixencia que o goberno bipartito consideraba “excesiva e inadmisíbel”.

Sorprende en primeiro lugar o momento escollido polo PSOE para dar a coñecer este particular, cando xa non teñen responsabilidades no goberno autonómico e logo de terse negado sistematicamente a dar información sobre a existencia e o contido destas negociacións nos catro anos de permanencia no goberno da Xunta. Neste sentido, resulta significativa a negativa do conselleiro de medio ambiente a falar deste tema coa xunta directiva da nosa asociación, a pesar da reiteración da nosa solicitude ao longo dos catro anos de goberno bipartito.

Para a APDR, esta actitude do PSOE de non dar a coñecer ata agora as esixencias de ENCE, agocha a falta de vontade de acometer con seriedade a solución ao problema da presenza da empresa pasteira no seu actual emprazamento, unha solución que –como vimos dicindo desde hai tempo- deixaron sempre nas mans da dirección de ENCE. De non ser así, o lóxico tería sido dar a coñecer á cidadanía as pretensións da empresa e deixarlle claro a ENCE que non ten máis que dúas alternativas: negociar o abandono da Ría de Pontevedra con anterioridade ao 2018 ou o peche definitivo da actividade polo reiterado incumprimento da lexislación.

E sorprende tamén que esta falta de colaboración da dirección de ENCE teña sido premiada polo goberno bipartito ao darlle, de forma absolutamente irregular, a autorización ambiental integrada ate o ano 2011, unha decisión que axuda á consolidación da fábrica de pasta de papel no seu actual emprazamento.

Pero sorprende máis si cabe a esixencia de rapidez na negociación que a ex conselleira fai ao actual goberno da Xunta; somos os primeiros en esixir celeridade nas negociacións e unha rápida solución ao problema, pero non semella a ex conselleira a persoa máis indicada para pedir presa ao actual goberno autonómico, pois nin o PSOE nin o seu socio no goberno bipartito, fixeron nada por avanzar cara ao fin da actividade de ENCE na nosa Ría. Resulta inadmisíbel que, sendo conscientes de que a negociación con ENCE había ser longa e complicada e de que o diálogo coa empresa debiera estar pechado como moi tarde no ano 2011, non teñan dado ningún paso nese sentido nos catro anos que estiveron no goberno bipartito, catro anos que –no que fai ao problema que nos ocupa- foron catro anos absolutamente perdidos.

Estamos convencidos de que nin o goberno bipartito nin o actual goberno da Xunta tiveron nunca interese na solución do problema, que uns e outros son presos da dirección da empresa e de que están por manter ENCE no seu actual emprazamento; para a APDR a negociación con ENCE pasa por facerlle ver que non ten futuro na Ría e que, de non pór fin á actividade industrial en Lourizán con anterioridade ao 2018, terán que deixar a zona que agora ocupan na situación que tiña no momento da súa chegada á Ría, unha esixencia á que non renunciamos na APDR; somos conscientes de que só a mobilización social será quen de conseguir a saída do complexo ENCE-ELNOSA da nosa Ría e a súa recuperación para a explotación racional dos recursos naturais e a creación de emprego de calidade e sustentábel no tempo. Por eso seguimos esixindo o peche definitivo e inmediato da actividade do complexo industrial de Lourizán, unha posición que concretamos na nosa consigna “2018?... AGORA!”.

Pontevedra, 26.02.10